Con data 18 de decembro do 2012, foron publicadas no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras do proceso selectivo correspondente a tres prazas de Inspector de Medio Ambiente derivado da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro do 2012.

Así mesmo, con data 19 de decembro de 2013, publicouse no Diario Oficial de Galicia anuncio que contén a modificación da base III das específicas do citado proceso selectivo, toda vez que foron obxecto de recurso (expdte. 24636/220), e que obriga a abrir un novo prazo de presentación de solicitudes.

A planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas: Inspector/a Medio Ambiente (3 promoción interna), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan.

A aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, sométese a consideración do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte

R E S O L U C I Ó N:

“Primeiro.- Proceder á apertura dun novo prazo da convocatoria do proceso selectivo en execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, como consecuencia da

estimación parcial dos recursos de reposición interpostos, en relación ás prazas seguintes de persoal funcionario:

- Inspector/a Medio Ambiente. Número de prazas: 3. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial de Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se faran públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 23.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN RELATIVA Á CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DE PERSOAL LABORAL (PROMOCIÓN INTERNA) INCLUÍDAS NA OEP 2010-2011. EXPTE. 24757/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.12.13, conformado pola xefa da Área de réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 18 de decembro do 2012, foron publicadas no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 na súa primeira fase, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro do 2012.

Así mesmo, con data 24 de decembro de 2013, publicouse no Diario Oficial de Galicia anuncio que contén as bases específicas do citado proceso selectivo, na execución da súa segunda fase, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local en sesións de 5 e 13 de decembro de 2013.

A planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas laborais por promoción interna: Oficial Conductor (2 prazas) e Oficial Xardineiro (1 praza), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, sométese a consideración do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte

R E S O L U C I Ó N:

“Primeiro.- Proceder á apertura do prazo da convocatoria do proceso selectivo en execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 en relación ás seguintes prazas laborais:

- Oficial Conductor. Número de prazas: 2. Sistema de provisión: promoción interna.*
- Oficial Xardineiro. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.*

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se farán públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 27.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C)RESOLUCIÓN RELATIVA Á CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO (QUENDA LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA) E LABORAL (QUENDA LIBRE) INCLUÍDAS NA OEP 2010-2011. EXPTE. 24756/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.12.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 18 de decembro do 2012, foron publicadas no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 na súa primeira fase, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro do 2012.

Así mesmo, con data 24 de decembro de 2013, publicouse no Diario Oficial de Galicia anuncio que contén as bases específicas do citado proceso selectivo, na execución da súa segunda fase, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local en sesións de 5 e 13 de decembro de 2013.

tión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas: Técnico/a de Administración Xeral (1 oposición libre), Auxiliar de Administración Xeral (4 oposición libre, unha delas reservada a persoas con discapacidade, e 2 promoción interna, unha delas reservada a persoas con discapacidade), Alguacil (1 promoción interna), Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (1 oposición libre), Diplomado/a en Traballo Social (7 oposición libre), Técnico/a Medio/a de Igualdade (1 oposición libre), Inspector/a Principal Policía Local (2 promoción interna), Policía Local (18 oposición libre e 5 mobilidade horizontal), Cabo Extinción de Incendios (1 promoción interna), Bombeiro (4 oposición libre), Conductor-Bombeiro (1 oposición libre), e Oficial Conductor (1 oposición libre), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e nos termos do

preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, sométese a consideración do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte

RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Proceder á apertura do prazo da convocatoria do proceso selectivo en execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 en relación ás seguintes prazas de persoal funcionario e laboral:

- *Técnico/a de Administración Xeral. Número de prazas: 1. Escala Administración Xeral. Subescala técnica. Clase superior. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Auxiliar de Administración Xeral. Número de prazas: 6. Escala Administración Xeral. Subescala auxiliar. Sistema de provisión: 4 oposición libre, reservándose 1 para persoas con discapacidade e 2 promoción interna, reservándose 1 para persoas con discapacidade.*
- *Alguacil. Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase cometidos especiais. Sistema de provisión: promoción interna.*
- *Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial. Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala técnica. Clase media. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Diplomado/a en Traballo Social. Número de prazas: 7. Escala Administración Especial. Subescala técnica. Clase media. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Técnico/a Medio/a de Igualdade. Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase cometidos especiais. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Inspector/a Principal Policía Local. Número de prazas: 2. Escala Executiva Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Categoría inspector principal. Sistema de provisión: promoción interna.*
- *Policía Local. Número de prazas: 23. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Categoría policía local. Sistema de provisión: 18 oposición libre e 5 mobilidade horizontal.*
- *Cabo Extinción de Incendios. Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase extinción de incendios. Categoría cabo. Sistema de provisión: promoción interna.*
- *Bombeiro. Número de prazas: 4. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase extinción de incendios. Categoría bombeiro. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Conductor-Bombeiro. Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala servizos especiais. Clase extinción de incendios. Categoría bombeiro. Sistema de provisión: oposición libre.*
- *Oficial Conductor. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.*

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial de Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se farán públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 27.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

D) RENUNCIA AO NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DONA M^a ESTHER LOMBAO GRANDAL. EXPTE. 24777/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.01.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 30 de decembro de 2013, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D^a. M^a Esther Lombao Grandal (doc. 130154314), con DNI 76.406.760-R, a través da cal renuncia con efectos do 10 de xaneiro de 2014 ao nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas.

A interesada foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses con data 24/09/2013 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2013, como auxiliar de administración xeral.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013, proponse a adopción do seguinte acordo.

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 30 de decembro de 2013 por D^a. M^a Esther Lombao Grandal, con DNI 76.406.760-R, nº de persoal 82553, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, con efectos do día 10 de xaneiro de 2014, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Estatística, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 27.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) RESOLUCIÓN DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA FUNCIONARIA DONA MARTA GONZÁLEZ TORRES AO POSTO AUXILIAR DE ALCALDÍA. EXPTE. 24618/220.

Este expediente incluíuse na orde do día remitido polo Servizo de Recursos Humanos, pero xa foi tratado en sesión ordinaria do 27.12.13, onde a Xunta de Goberno local xa quedou enterada da devandita resolución.

F) RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO REDUCIÓN DE XORNADA Á EMPREGADA DONA MÓNICA MURADAS GARRIDO E AUTORIZANDO OUTRA. EXPTE. 24685/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.12.14, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 25 de novembro de 2013 (doc. nº 130137366), D^a Mónica Muradás Garrido, con DNI nº 36.107.693-Q e nº persoal 79397, subalterna adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita a anulación da redución de xornada (da metade do seu horario laboral), concedida en resolución de data 04/02/2013 e unha nova redución de xornada de traballo de dúas horas.

Primeiro.- Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola xefa do Servizo de Benestar Social, con data 09/12/2013.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Deixar sen efecto a resolución de data 04/02/2013, de redución de xornada autorizada á subalterna adscrita ao Servizo de Benestar Social, D^a Mónica Muradás Garrido, con DNI nº 36.107.693-Q e nº persoal 79397, (consistente na metade do seu horario laboral).

Segundo.- Autorizar unha nova redución de xornada á citada empregada, consistente na redución da súa xornada laboral en 2 horas ao final da mesma, con efectos a partir do día 01/01/2014, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefa do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Con data 23.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

G)DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL, DON CARMELO DEL CASTILLO MARTÍN, CON EFECTOS DE DATA 12/12/2013. EXPTE. 24663/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 5.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. CARMELO CASTILLO MARTÍN, con DNI 70.313.787-G, ten a condición de funcionario municipal, con nº de persoal 17220, data de nacemento 12/12/1948, con praza e posto de Superintendente Xefe (pto. 280), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrito ao Servizo de Policía Local (212).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade.”.

III.- Asímesmo, a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, establece no seu art. 61, que a xubilación forzosa dos membros dos corpos da Policía Local de Galicia declararase de oficio o cumprir o funcionario os 65 anos de idade.

IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. Carmelo Del Castillo Martín, con data de efectos de 12/12/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. CARMELO DEL CASTILLO MARTÍN, con data de efectos 12/12/2013, con nº de persoal 17220, data de nacemento 12/12/1948, con praza e posto de Superintendente Xefe da Policía Local (pto. 280), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrito ao Servizo de Policía Local (212), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do

13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 13.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

H)DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA PÚBLICA MUNICIPAL, DONA AMELIA ARAGUNDE MARTÍNEZ, CON EFECTOS DE DATA 26/12/2013. EXPTE. 24622/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 11.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, DNA. AMELIA ARAGUNDE MARTÍNEZ, con DNI 35.412.792-Z, ten a condición de funcionaria municipal, con nº de persoal 7210, data de nacemento 26/12/1948, con praza de Administrativa de Administración Xeral e posto de Xefe de Negociado de Organización (pto. 165), grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 03, adscrita ao Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Persoal-222).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

III.- Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de Dna. Amelia Aragunde Martínez, con data de efectos de 26/12/2013, e cuxa proposta se

debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da funcionaria municipal DNA. AMELIA ARAGUNDE MARTÍNEZ, con data de efectos 26/12/2013, con nº de persoal 7210 e DNI 35.412.792-Z, data de nacemento 26/12/1948, con praza de Administrativa de Administración Xeral e posto de Xefa de Negociado de Organización (pto. 165), grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 03, adscrita ao Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Persoal-222), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 13.12.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(16).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL POR EXECUCIÓN SUBSIDIARIA. EXPTE. 6903/407.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, do 9.12.13, conformado pola xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 6 de xuño de 2013 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu proceder á execución subsidiaria das obras de demolición da edificación existente na rúa San Sebastián nº 20 (exp. 13547/423). A tal efecto remitiuse aos propietarios, xunto coa resolución, carta de pagamento por importe de 9.072,54 euros, correspondente á liquidación provisional do custo das obras necesarias para a execución da derruba.

Ambos documentos foron notificados aos propietarios o 21 de xuño e o 1 de xullo de 2013, polo que o prazo voluntario de pagamento rematou o 20 de agosto de 2013.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da seguinte liquidación provisional por execución subsidiaria que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Irmáns González Puelles Casal (Fernando 36041697F, Iago 36021295Y, Jesús 36012169B e Miguel 36041696Y).....9.072,54 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(17).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.